



Concello de Viveiro

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, CORRESPONDENTE AO DÍA DEZASEIS DE XANEIRO DE 2017.

ASISTENTES:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA
D. JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ
D^a. MARIA ISABEL RODRIGUEZ LOPEZ
D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

SECRETARIA XERAL:

D^a. MARILUZ Balsa RÁBADE

INTERVENTOR(POR DELEGACIÓN DE FIRMA)

D. SERGIO AGUADO DELICADO

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 14:30 do día 16 de xaneiro de 2017, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, D^a. María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en segunda convocatoria.

Excusan verbalmente a súa ausencia D. JESÚS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL e D^a. LARA FERNANDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 30 -12- 2016.

Non existindo ningunha obxección ó respecto procédese á aprobación da acta da sesión celebrada o día 30 de decembro de 2016.

2.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

Concello de Viveiro

EXPTE. 2917/2016.-

Visto o Proxecto de obra, redactado polo arquitecto de obras municipal, D. Santiago Meitín Miguez, que se relaciona a continuación:

- “Reposición de firme y mejora de servicios urbanos en los viales de acceso al colegio y a la iglesia parroquial de Covas- Viveiro”, redactado en decembro de 2016, por importe de 54.224,84 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Expoñer ó público durante 20 días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, o Proxecto de obra anteriormente referido.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para o cumprimento do referido no punto primeiro.

EXPTE. 48/2017.-

Visto o escrito de D. Ernesto Vázquez Fernández, con DNI 76544169P, e domicilio no lugar de Ameixoa, Nº12, Vieiro, Viveiro, rexistrado de entrada neste Concello en data 20 de decembro de 2016 (2016-E-RC-8173), no que se manifesta o seguinte:

“(…)

Que con fecha 08-11-1990, firme contrato de concesión de la cantina del parque Pernas Peón, prorrogado en fecha 13 de julio de 2001, hasta el día 31 de mayo de 2022.

Que en el art. 7 del contrato de concesión, se me autoriza al subarriendo de las citadas instalaciones, previo consentimiento de la Comisión de Gobierno.

Que a través de la presente, SOLICITO, autorización para subarrendar la citada cantina.”

Visto o informe xurídico emitido pola Secretaria Municipal, no que se conclúe o seguinte:

“(…)

Atendiendo aos antecedentes descritos e tendo en conta que as sucesivas prórrogas, segundo os datos cos que conta esta Secretaría e segundo parece desprenderse dos propios contratos de prórroga, derivan do contrato inicial de 1974, sen posterior licitación nin adxudicación, levan a entender que as mesmas se realizaron sen seguir os procedementos establecidos para o outorgamento de concesións. Aínda que o contrato inicial derivase dunha licitación, na que resultou adxudicatario D. Ernesto Vázquez Fernández, a mesma realizouse sobre a base dun prazo de 10 anos, que en virtude das sucesivas prórrogas chegou a derivar nun prazo de case 48 anos (ata o 2022), aspecto que, de terse coñecido no momento do contrato inicial pudiese haber influido na adxudicación, polo que se entende que as sucesivas prórrogas puideron incluir en vicio de nulidade, cos datos cos que conta esta Secretaría (sen prexuízo de que non puido localizarse nos arquivos municipais o expediente completo desta concesión, senón que se foron atopando partes do mesmo segundo os órganos de goberno nos que se foron adoptando sucesivos acordos), o que conleva a necesariedade de realizar esta advertencia previa á resolución da solicitude do interesado, sinalando que en tanto non se proceda á anulación dos referidos actos os mesmos son executivos e firmes, polo que, en atención ao sinalado no punto segundo do presente

Concello de Viveiro

informe non cabería a desestimación do solicitado, debendo rematar o subarrendo solicitado en todo caso na data de remate da última prórroga (31 de maio de 2022). Reitérase de tódolos xeitos por parte desta Secretaría da incursión en vicio de nulidade dos acordos de prórroga así como da necesidade de que a nova licitación que se leve a cabo por parte do Concello cumpra coas previsións da vixente normativa."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Autorizar a solicitude de D. Ernesto Vázquez Fernández para subarrendo da cantina sita no parque Pernas Peón. O subarrendo debe rematar en todo caso na data de remate da última prórroga (31 de maio de 2022).

O concesionario debe comunicar ao Concello a identidade do subarrendatario, e a súa aceptación do subarrendo referido, debendo acreditarse documentalmente a non incursión do mesmo en prohibición de contratar coa Administración Pública segundo o disposto no Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

A presente autorización de subarrendo non implica a autorización para o subarrendo a calquer interesado, senón que simplemente autoriza a viabilidade do mesmo, resultando en todo caso unicamente efectiva no momento da comunicación e acreditación ante o Concello das cuestións referidas no parágrafo anterior.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Contratación para a súa notificación ao interesado coa expresión dos recursos que procedan.

3.- PROCESOS SELECTIVOS

EXPTE. 923/2016.-

Vista a providencia de Alcaldía na que, tendo constancia da existencia de dous expedientes en relación ao proceso selectivo para a selección dun operario de protección civil, como persoal laboral temporal, se dispuxo que por parte da Secretaria Municipal se emita informe no que se detallen todas as cuestións de forma e de fondo que podan observarse na tramitación do referido expediente.

Visto o informe emitido pola Secretaria Municipal, no que se conclúe o seguinte:

"(...)

Primeiro.- Por parte desta Secretaría non pode conquerirse con exactitude cales foron as bases de selección aprobadas no seu momento, aínda que pode entenderse (atendendo á maior antigüidade do expediente, e á certificación do acordo da Xunta de Goberno de data 2 de setembro) que foron as que constan no expte 923/2016 (extremo que debería ser corroborado polo órgano encargado da súa aprobación).



Concello de Viveiro

Segundo.- Respecto á publicidade da convocatoria, aínda tendo en conta a existencia nos últimos tempos de xurisprudencia máis flexible respecto á interpretación do cumprimento do principio de publicidade no acceso ao emprego público temporal, considérase por esta informante que a publicidade da convocatoria debe garantir a posibilidade de coñecemento da mesma por calquer interesado, entendendo que a única remisión de oferta ao servizo público de emprego da localidade podería ver mermada esta posibilidade, entendendo máis garante do principio referido a publicidade no Boletín Oficial da Provincia.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Confirmar que as bases de selección aprobadas no seu momento pola Xunta de Goberno Local para rexir o proceso de selección dun operario de protección civil, como persoal laboral temporal, son as que constan no expediente 923/2016, coa corrección correspondente ao acordo de Xunta de Goberno Local de data 2 de setembro de 2016, que consta tamén no referido expediente.

Segundo.- Subsanar as deficiencias na tramitación do expediente referidas no informe de Secretaría, procedendo á publicación das bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, para posibilitar a participación no proceso por calquer interesado, outorgando un prazo de presentación de instancias de 10 días naturais dende a data de publicación no BOP segundo o establecido nas bases de selección.

Terceiro.- Comunicar este acordo de subsanación aos interesados que xa presentaron instancia para a participación no proceso selectivo en base á publicidade da convocatoria remitida no seu día mediante o Servizo Público de Emprego, aos efectos de que podan presentar nova instancia ou documentación segundo as bases e convocatoria publicadas no BOP en tanto en canto non puido constatarase as bases que no seu día foron remitidas ao Servizo Público de Emprego. De non realizarse novos trámites polos interesados que xa presentaron solicitude no seu momento manterase a mesma coa documentación aportada, por entenderse esta publicación no BOP como unha ampliación do prazo de presentación para garantir o requisito de publicidade nos termos legalmente establecidos.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Persoal para a continuidade coa tramitación do proceso selectivo referido.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 15:00 horas do día 16 de xaneiro de 2017, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.

Concello de Viveiro